

EXPRE.: 2274/232

RETIRAR: 17/01/24

**CONCELLO
DE VIGO**



Exp. 41057/220

PROCESO SELECTIVO PARA A COBERTURA DE OITO PRAZAS DE SUBALTERNA/O (TRES RESERVADAS A PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL E UNHA RESERVADA A PERSOAS CON DIVERSIDADE FUNCIONAL INTELLECTUAL), POLA QUENDA LIBRE E O SISTEMA DE OPOSICIÓN, DERIVADO DA EXECUCIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO CONCELLO DE VIGO 2017-2018-2019 (3ª FASE)

ANUNCIO: ACORDOS ADOPTADOS EN RELACION COAS RECLAMACIÓN S PRESENTADAS AO 2º EXERCICIO (PRÁCTICO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO)

O órgano de selección en sesión do día 20.12.2023, adoptou os seguintes acordos en relación coas reclamacións presentadas ao segundo exercicio de carácter práctico, obrigatorio e eliminatorio

Aspirante	V.P., A.B.
Data de presentación	12/05/23
Cod.Sol.:	W1020460-7859
Contido da reclamación	Solicita a revisión da nota obtida no segundo exercicio

A aspirante límitase a solicitar a revisión da nota obtida no segundo exercicio e non expresa nin motiva as razóns da súa solicitude. Á vista do solicitado, o órgano de selección acorda comprobar as puntuacións asignadas a cada unha das preguntas respostadas pola reclamante, calculando novamente a nota final.

Da comprobación realizada resulta que a puntuación obtida pola aspirante correspóndese coa nota publicada.

ACORDO: Acceder á revisión solicitada, resultando a confirmación da puntuación asignada ao exercicio e notificar a aspirante a puntuación obtida en cada un dos supostos prácticos.

Aspirante	D.U.,F.
Data de presentación	12/05/23
Cod.Sol.:	W1020719-8745

1





Contido reclamación	da	Solicita coñecer a nota numérica do seu exercicio, a cualificación das súas preguntas, unha copia do seu exercicio corrixido e a plantilla de respostas
------------------------	----	---

Á vista da reclamación presentada, cómpre aclarar que os exercicios realizados polas persoas aspirantes consérvanse no mesmo estado no que foron executados por elas e non presentan tachadura, anotación ou corrección ningunha por parte do órgano de selección. Cómpre tamén puntualizar que non estamos ante unha proba tipo test na que só existe unha resposta correcta (agás no caso da pregunta 2 a) do suposto número 1 e na pregunta 4 do suposto número 2, para as que non existe marxe de respostas alternativas), senón ante unha proba de carácter práctico na que considérase a motivación, fundamentación e xustificación razoada da solución dada polo aspirante nas súas respostas.

No que respecta á nota numérica obtida polo reclamante, o órgano de selección acorda comunicar ao aspirante non só a nota numérica total do seu exercicio senón tamén o seu desglose por preguntas. Compróbase así mesmo que esta nota non acadada a puntuación mínima de 5 puntos esixida nas bases específicas para a súa superación, correspondéndolle a cualificación de NON APTO.

ACORDO: Estimar parcialmente o solicitado no senso de notificar ao reclamante a nota numérica total acadada e o desglose de puntuacións por preguntas.

Aspirante		G.Y.,M.
Data presentación	de	12/06/23
Cod.Sol.:		W1021839-5876
Motivo reclamación	da	Solicita ver o exame para coñecer a baremación das preguntas

Á vista da reclamación presentada, cómpre aclarar que os exercicios realizados polas persoas aspirantes consérvanse no mesmo estado no que foron executados por elas e non presentan tachadura, anotación ou corrección ningunha por parte do órgano de selección. Xa que logo, sen prexuízo de que o exercicio realizado sexa posto a disposición da aspirante, comunicaraselle o desglose das puntuacións asignadas a cada unha das preguntas.

<

ACORDO: Estimar o solicitado no senso de poñer o exercicio realizado á disposición da aspirante xunto co desglose das puntuacións obtidas en cada pregunta.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 11/01/2024 14:10	Páxina 2 de 3
240010106	CSV: A3AA3A-8E8946-A3BC56-PB2CJZ-HYAYAA-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Aspirante	P.B.,E.
Data presentación	de 12/07/23
Cod.Sol.:	W1022083-5192
Contido reclamación	da Solicita ver o exame co tribunal para coñecer qué datos e información tería que ter o exercicio para a obter a nota máxima

O escrito presentado pola aspirante non se trata propiamente dunha reclamación nin a respecto da proba desenvolta nin da puntuación asignada ao seu exercicio polo órgano de selección. Cómpre sinalar que este tribunal ten entre os seus cometidos a confección das probas, de acordo coas bases da convocatoria, e a súa valoración, mais non se inclúen entre as súas atribucións funcións de formación, orientación ou mellora dos coñecementos das persoas aspirantes. Con todo, acórdase que se facilitará á aspirante, para o seu coñecemento, o desglose das puntuacións obtidas no seu exercicio.

ACORDO: Desestimar a reclamación presentada, notificando, non obstante, a aspirante as puntuacións obtidas en cada unha das preguntas realizadas.

Contra a desestimación das reclamacións indicadas, poderase interpoñer recurso de alzada ante o órgano que designou ao órgano de selección (Xunta de Goberno Local) no prazo dun mes contado a partir do seguinte a súa notificación ou publicación.

Vigo, na data da sinatura dixital

A secretaria do órgano de selección

Lorena López Rodríguez

DILIGENCIA: Para hacer constar que el presente edicto estuvo expuesto en el Tablón oficial de anuncios de este Ayuntamiento, durante el plazo reglamentario.



Vigo, 17 Xaneiro 2024
El Secretario General
P.A.
El Jefe del Registro General.

3

ASDO.- X. VICENTE COMESAÑA TRIGO



Copia do documento - Concello de Vigo 240010106	Data impresión: 11/01/2024 14:10	Páxina 3 de 3
CSV: A3AA3A-8E8946-A3BC56-PB2CJZ-HYAYAA-FD		
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DILIGENCIA para hacer constar que el presente
efecto estuvo expuesto en el tablón oficial de
avances de este Ayuntamiento, durante el plazo
reglamentario.

Vigo,
El Secretario General
PA.
El Jefe del Registro General.